

# I FORO

## EMPREGABILIDADE, EMPREGO E EMPRENDEMENTO EN PSICOLOXÍA



### 'I FORO DE EMPREGABILIDADE, EMPREGO E EMPRENDEMENTO EN PSICOLOXÍA' (FORO 3EP)

#### RELATORAS

- Antía Blanco Espiñeira, HR Manager en GalChimia.
- Puri Torrente Sánchez, Técnico en Orientación Profesional do Servizo de Orientación Laboral e Emprego da USC.
- Rosa Pérez Costas, Consultora en Wanted Selección.
- Iago González Pazos, responsable de Xestión do Cambio e Mellora Continua de RRHH en Navantia.
- Rebeca Calvo Barros, cofundadora e responsable de Psicología e Benestar en Mentiness.

#### TÍTORÍAS DO FORO

Representantes das Seccións, Comisións, Grupos de Traballo e Programas do COPG.

#### ORGANIZA

Sección de Psicología do Traballo e Organizacións do COPG.

#### COORDINA

Carlos Montes Piñeiro (G-3367)

#### DURACIÓN

2 horas.

#### DATA E HORARIO

Mércoles 13 de marzo de 2024  
De 17:00 a 19:00 horas.

#### LUGAR

Salón de Actos da Facultade de Psicología da USC (Rúa Xosé María Suárez Núñez, s/n Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela).

#### PRAZAS

275

#### PREZOS

Gratuito.

#### OBXECTIVO

- Ofrecer orientación para mellorar a empregabilidade e diferenciarse no mercado laboral actual.
- Brindar un espazo único onde as persoas participantes poidan explorar diversas opcións de carreira profesional no ámbito da psicología, incluíndo prácticas externas, formación de posgrao e ofertas de emprego.
- Fomentar o espírito emprendedor e a innovación no campo da psicología, abrindo novos horizontes de intervención profesional.
- Facilitar o networking entre profesionais, persoas egresadas e estudiantado para crear unha comunidade máis cohesionada e comprometida co desenvolvemento da psicología profesional en Galicia.

# I FORO

## EMPREGABILIDADE, EMPREGO E EMPRENDEMENTO EN PSICOLOXÍA



## 'I FORO DE EMPREGABILIDADE, EMPREGO E EMPRENDEMENTO EN PSICOLOXÍA' (FORO 3E-P)

### METODOLOXÍA

O 'Foro 3E-P' desenvolverase a través dun formato 5x15, no que se abordarán cuestións centrais na orientación profesional e o desenvolvemento de carreira mediante 5 microconferencias breves de 15 minutos impartidas por profesionais destacadas na psicoloxía. «Que facer despois de graduarse?», «Que alternativas hai dispoñibles?», «Como superar un proceso de selección?», ou «Como emprender en psicoloxía?», serán algunhas das preguntas ás que se tratará de dar resposta.

Estes relatorios rematarán cunha mesa redonda onde as expertas convidadas participarán nun debate e responderán preguntas do público, permitindo un intercambio interactivo de ideas e experiencias.

Paralelamente, organizarase un espazo virtual, no portelo de teleformación do COPG, onde todas as persoas interesadas poderán enviar as súas preguntas e consultas sobre empregabilidade, emprego e emprendemento en psicoloxía. Este foro estará moderado polas colexiadas e colexiados que integran as seccións, comisións, grupos de traballo e programas do COPG, abrangendo as diferentes áreas da psicoloxía, como clínica, traballo, educativa ou social, entre outras.

### INSCRIPCIÓN

Gratuíta por orde de rexistro. ata completar aforo.

Ao día seguinte da finalización do prazo de inscrición, comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Formulario: <https://forms.office.com/r/MHPyFHVLOX>

**Último día de inscrición: 8 de marzo de 2024**